

Vide e no que se escenifica unha pasaxe da vida de Santa Mariña de Augas Santas.

BIBLIOGRAFÍA

Vid. CF

MAGÁN BLANCO, AGUSTÍN

(Compostela, 1918). Actor, director e autor de teatro. Fundou en 1960 o Teatro de Cámara Ditea, grupo que serviu de canteira a moitos actores e que dende os anos setenta centrou a súa actividade na posta en escena de obras en galego de Plauto, Gil Vicente, Aristófanes, Pessoa, Cervantes, traducidas e adaptadas polo propio Magán. Como autor teatral, demostra coñecer os mecanismos que gobernan a acción escénica, aínda que a linguaxe que emprega adoee a miúdo dun exceso de manierismo. Claramente decantado polo teatro de temas e personaxes históricos, Magán utilízalos para realizar unha particular aproximación á historia galega. A súa obra orixinal comprende *A lenda de Xoán Bonome* (1987), *Alias Pedro Madruga*, na que se recrea libremente a figura histórica de don Pedro Alvarez de Soutomaior, mereceu unha mención no Concurso Abrente de 1980 e foi publicada en 1988; *Mesmo semellaban bruxas* (1988), subtitulada “Retábulo máxico de meigas e inquisidores” e na que a acción transcorre na Compostela do século XVII obtivo o Premio Ateneo de Ferrol en 1978 e foi premiada tamén no II Certame de Teatro Galego de Lugo. Magán gañou o Premio Álvaro Cunqueiro de Teatro en 1990 con *Os rebertes*, ambientada no tempo da segunda guerra irmandiña, aínda que o autor amosa nela unha grande despreocupación pola fidelidade á época, da que se pretende dar unha certa ilusión de reconstrución simplemente por medio de tópicos. Polo seu intenso labor teatral, Agustín Magán recibiu o Premio Xiria 1987.

BIBLIOGRAFÍA

Villalaín, D., “Teatro: *Matalobos* de Raúl Dans foi a revelación do ano”, *Anuario de estudios literarios galegos* II, 1993.

MAGARIÑOS NEGREIRA, XULIÁN

(Negreira, 1904-1934). Realizou a carreira de Dereito na Universidade de Santiago de Compostela, exercendo como avogado durante pouco tempo na súa vila natal. Foi membro fundador do Seminario de Estudos Galegos, integrándose na sección de Filoloxía. Ademais de colaborar frecuentemente en prensa e revistas da época como *El Pueblo Gallego*, *A Nosa Terra*, *Nós*, *Céltiga*, *El Despertar Gallego*, *Galicia* (Bos Aires), *La Voz de Barcala*, etc., colaborou, xunto con Filgueira Valverde*, Cordal e Tobío* na publicación do *Vocabulario popular gallego-castelán* (1928). Na Colección Lar publicou dous relatos *O kalivera 30 H.P.* (1926), onde reflicte con ironía a introdución do automobilismo en Galicia, e *O Filósofo de Tamarica* (1926), sátira da vida galega. Tamén practicou o ensaio con textos aínda dispersos en elevada proporción entre os que destacamos: “O nazionalismo de Federico Chopin”, “Estancamento i evolución”, “A nosa novela” ou “Afonso de Cotón, humorista”.

BIBLIOGRAFÍA


Vid. CC, GEG

Liñares Giraut, X. A. e Roig Rechou, B. A., *Xulián Magariños Negreira. Un home da “Época Nós”* (1904-1934), Sada, Ed. do Castro, 1988.

MÁIZ SUÁREZ, RAMÓN

(Santa Cruz de Tenerife, 1953). Catedrático de Ciencia Política da Universidade de Santiago de Compostela e membro do Consello de Redacción das revistas *Zona Abierta* e *Historia y Crítica*, e do Comité Colaborador da *Revista Internacional de*

R° 4006



DICCIONARIO DA LITERATURA GALEGA

I AUTORES

Iris Cochón, Luciano Fernández, Ana Belén Fortes, Helena González,
Henrique Monteagudo, Ramón Nicolás, M^a do Carme Ríos Panisse,
Dolores Vilavedra.
Coa colaboración de Alfonso Mato

Coordinación
Dolores Vilavedra
(Instituto da Lingua Galega)

Diseño e maqueta
F. Mantecón

